



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

##### Secretaría Xeral

*Decreto da Alcaldía regulador da estrutura orgánica e funcional básica da Administración Municipal executiva do Concello de Santiago*

##### ANUNCIO

Con data 13 de novembro de 2020, o alcalde ditou o seguinte decreto:

“**Primeiro.-** Aprobar o Decreto regulador da estrutura orgánica e funcional básica da Administración Municipal executiva do Concello de Santiago, nos termos recollidos no articulado do propio decreto.

**Segundo.-** Proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, así como nos apartados habilitados ao efecto na sede electrónica do Concello.

**Terceiro.-** Dispoñer como data de efectos deste Decreto o día seguinte á data desta resolución, sen prexuízo da súa posterior publicación no Boletín Oficial da Provincia, e coas excepcións e particularidades previstas na súa disposición transitoria.

#### DECRETO REGULADOR DA ESTRUCTURA ORGÁNICA E FUNCIONAL BÁSICA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL EXECUTIVA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

##### 1.- OBXECTO

O presente Decreto ten por obxecto a fixación da estrutura orgánica e funcional básica da administración municipal executiva do Concello de Santiago de Compostela, ao abeiro do disposto ao efecto na normativa de xeral de aplicación, así como na regulamentación orgánica municipal.

##### 2.- A ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL EXECUTIVA. CRITERIOS APLICABLES

###### 2.1. Criterios xerais

A organización administrativa do Concello de Santiago de Compostela rexeráse polo disposto, con carácter xeral e básico, na normativa de réxime local e aqueloutra aplicable ao efecto e, con carácter específico, pola regulamentación orgánica municipal.

Segundo o previsto no Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago (en diante ROGA), a organización administrativa do Concello de Santiago de Compostela responderá ao principio xeral dunha división funcional en áreas de goberno, constitutivas dos niveis esenciais da súa estrutura administrativa e que comprenderán, cada unha delas, un ou varios sectores/ámbitos funcionalmente homoxéneos de materias de competencia municipal, tendendo a englobar as denominacións das concellarías e da Alcaldía. E para exercer as competencias e desenvolver as funcións que lles correspondan, poderán contar con coordinacións xerais, secretarías xerais técnicas e direccións de xerais/de áreas ou órganos directivos similares, e poderanse organizar, á súa vez, en servizos, departamentos, seccións, e outras unidades ou divisións administrativas asimiladas ou de nivel inferior.

En atención ao antedito, e no exercicio das atribucións da Alcaldía ao respecto, o presente Decreto establece a estrutura orgánica e funcional básica da administración municipal executiva; fixando, así, os criterios e aspectos básicos aos que se deberá adecuar a súa organización e estrutura, nos termos sinalados continuación:

- Fixación das áreas de goberno como niveis esenciais da organización e estrutura administrativa; que comprenderán un ou varios ámbitos materiais e/ou de actividade administrativa funcionalmente homoxéneos, correspondentes á organización e estrutura da Administración municipal executiva determinada no Decreto da Alcaldía de 17 de xuño de 2019.

- Previsión dunha serie de ÓRGANOS DIRECTIVOS de incorporación legalmente obrigatoria, en aplicación do disposto na normativa de réxime local e na regulamentación orgánica municipal; nomeadamente:

- Secretaría Xeral do Pleno.

- Vicesecretaría (titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao concelleiro secretario).
- Intervención Xeral Municipal.
- Tesourería.
- Dirección da Asesoría Xurídica.
- Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade.

Así como doutros órganos directivos de previsión potestativa e amparada, en todo caso, pola normativa antedita, e nos supostos en que así se ten considerado necesario por razón de amplitude e complexidade funcional; nomeadamente as DIRECCIÓNS DE ÁREA sinaladas a continuación:

- Dirección de Área de Urbanismo.
- Dirección de Área de Benestar Ambiental e Servizos Básicos Comunitarios.
- Dirección de Área de Seguridade e Mobilidade.
- Dirección de Área de RRHH, Avaliación, Modernización e Réxime Interior.

- Definición competencial e funcional dos principais ámbitos materiais e de actividade administrativa comprendidos en cada unha das Áreas, e aos que se deberá adecuar a súa estrutura e organización administrativa e funcional interna; que poderán ser obxecto de concreción e/ou desenvolvemento no marco da RPT municipal (ou aqueloutro instrumento organizativo análogo/equivalente), con atribución dos diferentes rangos/niveis administrativos previstos no ROGA (servizos, departamentos, seccións, negociados ou asimilables).

## 2.2. Criterios de definición funcional

A definición competencial e funcional realizada no presente Decreto, ao respecto das áreas e dos diferentes ámbitos materias e de actividade administrativa integrados nas mesmas, pretende a delimitación do seu ámbito de actuación xeral e ordinario. Realizándose unha definición comprensiva das súas responsabilidades competenciais e funcionais xerais e básicas, por resultar as máis significativas e/ou habituais e que, en todo caso, deberán considerarse sen carácter excluínente nin pechado respecto daquelas outras análogas, concordantes ou que, por necesidades de servizo, dentro do mesmo marco material e competencial e con arranxo á capacitación profesional e/ou legal do persoal adscrito, puideran ser igualmente asumidas e/ou desenvolvidas.

A definición ou descrición poderá ser complementada, en todo caso e ao obxecto dunha mellor e/ou máis concreta delimitación, mediante instrucións, ordes ou calquera outro instrumento equivalente; ou, no seu caso, e sempre que se respecte o previsto con carácter básico no presente Decreto, mediante as previsións incorporadas ao efecto na RPT municipal (ou aqueloutro instrumento organizativo análogo/equivalente vixente en cada momento).

## 3.- ESTRUCTURA ADMINISTRATIVA POR ÁREAS

Atendendo aos criterios anteditos, e de acordo co Decreto de Alcaldía do 17 de xuño de 2019, para o exercicio das súas funcións o Concello de Santiago de Compostela, estrúcturase nas Áreas de goberno que deseguido se detallan, e cuxa definición competencial e funcional, así como a súa organización e estrutura internas básicas, se fixan nos artigos seguintes.

- Área de Alcaldía, Promoción Económica, Emprego e Comercio
- Área Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade
- Área Presidencia, Relacións Institucionais e Turismo
- Área Políticas Sociais, Saúde, Medio Ambiente, Parques e Xardíns
- Área Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas
- Área de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local
- Área de Medio Rural
- Área de Educación, Mocidade e Política Lingüística
- Área de Centros Socioculturais, Barrios e Obras
- Área de Deportes e Benestar Animal

## 4.- ALCALDÍA. D. XOSÉ A. SÁNCHEZ BUGALLO.

### ESTRUTURA.

Esta área adecuará a súa organización administrativa e funcional interna á estrutura básica sinalada a continuación, ou aqueloutro asimilable:

**1. GABINETE DE ALCALDÍA E COORDINACIÓN DIRECCIÓN DE ÁREA****1.1. Dirección do gabinete****1.1.1. Secretaría particular e grupo de goberno****1.2. Protocolo e Relacións Públicas****1.3. Comunicación, Relacións cos medios de comunicación e Prensa****1.4. Programas e estratexias****2. DIRECCIÓN DE ASESORÍA XURÍDICA****2.1. Vicedirección da Asesoría Xurídica****3. SECRETARÍA XERAL****3.1. Secretaría Xeral do Pleno****3.2. Vicesecretaría****3.2.1. Transparencia, Información á cidadanía e Rexistro Xeral****3.2.2. Responsabilidade patrimonial****4. UNIDADES ADMINISTRATIVAS ADSCRITAS Á ÁREA DE ALCALDÍA:****4.1. Promoción Económica, queda adscrita a este servizo a empresa municipal UNINOVA****4.1.1. Desenvolvemento Industrial****4.2. Traballo e Emprego****4.3. Comercio****4.4. Axenda Urbana****5.- URBANISMO, VIVENDA, CIDADE HISTÓRICA, ACCIÓN CULTURAL E IGUALDADE. DNA. MERCEDES ROSÓN FERREIRO.****ESTRUTURA.**

Esta área adecuará a súa organización administrativa e funcional interna á estrutura básica sinalada a continuación, ou aqueloutra asimilable:

**1. DIRECCIÓN DE ÁREA DE URBANISMO E OBRAS****1.1. Planeamento e Xestión Urbanística****1.1.1. Servizo de Planeamento urbanístico****1.1.2. Xestión urbanística****1.1.3. Patrimonio e expropiacións****1.1.4. Cartografía e sistemas de información xeográfica****1.2. Servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística****1.2.1. Tramitación de licenzas****1.2.2. Inspección de disciplina urbanística****1.3. Servizo de Rehabilitación e Vivenda****1.3.1. Xestión, vivenda e rehabilitación****1.3.1. Arqueoloxía****1.4. Servizo de Proxectos e obras (este servizo estará adscrito á delegación de Barrios e Obras)****1.4.1. Brigada de Vías e Obras Municipal****2. ACCIÓN CULTURAL****2.1. Servizo de Acción cultural****2.2. Banda de música****2.3. AUDITORIO DE GALICIA: queda adscrito a este servizo o organismo autónomo Auditorio de Galicia.****3. IGUALDADE/CIM**

**6.- PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E TURISMO. D. GUMERSINDO GUINARTE CABADA.****ESTRUTURA**

Esta área adecuará a súa organización administrativa e funcional interna á estrutura básica sinalada a continuación, ou aqueloutra asimilable:

1. Relacións institucionais e cooperación.
2. Secretaría da Xunta Goberno Local.
3. Padrón de habitantes e estatística
4. Turismo: queda adscrita a esta concellaría a Sociedade Mercantil Municipal de Turismo INCOLSA.

**7.- POLÍTICAS SOCIAIS, SAÚDE, MEDIO AMBIENTE, SERVIZOS BÁSICOS E PARQUES E XARDÍNS. DNA. MILAGROS CASTRO SÁNCHEZ.****ESTRUTURA**

Esta área adecuará a súa organización administrativa e funcional interna á estrutura básica sinalada a continuación, ou aqueloutra asimilable:

**1. DIRECCIÓN DE ÁREA DE BENESTAR MEDIOAMBIENTAL E SERVIZOS BÁSICOS COMUNITARIOS****1.1. Servizos Básicos e Comunitarios**

- 1.1.1. Inspección de servizos
- 1.1.2. Saneamento e abastecemento de auga
- 1.1.3. Xestión de residuos e limpeza viaria
- 1.1.4. Alumeado público
- 1.1.5. Cemiterio e servizos funerarios
- 1.1.6 Mercados e Feiras

**1.2. Biodiversidade****1.3. Medio Ambiente****1.4 Saúde****1.5 Consumo****1.6 Parques e xardíns****2. SERVIZO DE SERVIZOS SOCIAIS****2.1. Unidade de atención asistencial****2.2. Unidade Municipal de Atención a Drogodependencia (UMAD)****2.3. Casa das Asociacións de Benestar Social (CABES)****3. UNIDADE DE ATENCIÓN Á MIGRACIÓN (UAMI)****8.- MOBILIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ E FESTAS. D. GONZALO MUÍÑOS SÁNCHEZ.****ESTRUTURA**

Esta área adecuará a súa organización administrativa e funcional interna á estrutura básica sinalada a continuación, ou aqueloutra asimilable:

**1. DIRECCIÓN DE ÁREA DE SEGURIDADE E MOBILIDADE****1.1. Servizo de Circulación e Tráfico**

- 1.1.1. Xestión de multas
- 1.1.2. Tramitación de recursos
- 1.1.3. Circulación e ordenación do tráfico (incluído todo o relativo a licenzas de taxi)
- 1.1.4. TUSSA: queda adscrita a esta concellaría a sociedade municipal de xestión do transporte urbano de Santiago,

S.A. "TUSSA"

**1.2. Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento****1.3. Seguridade Cidadá****1.4. Protección Civil**

## 2. FESTAS

Para a efectiva materialización das súas competencias o departamento de Festas contará coa cobertura funcional da estrutura de postos adscrita a Acción Cultural.

## 9.- ECONOMÍA E FACENDA, PERSOAL, CONTRATACIÓN E MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. DNA. MARTA ABAL RODRÍGUEZ.

### ESTRUTURA

Esta área adecuará a súa organización administrativa e funcional interna á estrutura básica sinalada a continuación, ou aqueloutra asimilable:

#### 1. DIRECCIÓN DE ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, AVALIACIÓN, MODERNIZACIÓN E RÉXIME INTERIOR

##### 1.1. Servizo de Recursos Humanos e Avaliación

- 1.1.1. Xestión de recursos humanos
- 1.1.2. Habilitación de nóminas
- 1.1.3. Avaliación e carreira profesional
- 1.1.4. Formación, flexibilidade horaria e teletraballo
- 1.1.5. Prevención de riscos laborais

##### 1.2. Servizo de Modernización e Informática

- 1.2.1. Sistemas e comunicacións
- 1.2.2. Aplicacións de xestión
- 1.2.3. Administración electrónica

##### 1.3. Servizo de Contratación

##### 1.4. Réxime Interior

- 1.4.1. Arquivo e documentacións
- 1.4.2. Servizos internos
- 1.4.3. Parque móbil

#### 2. INTERVENCIÓN XERAL

- 2.1. Viceintervención
- 2.2. Fiscalización de gastos
- 2.3. Fiscalización de ingresos

#### 3. ÓRGANO DE XESTIÓN ECONÓMICA E CONTABILIDADE

- 3.1. Oficina Orzamentaria
- 3.2. Contabilidade
- 3.3. Coordinación xestión de axudas
- 3.4. Programas europeos

#### 4. TESOURERÍA

- 4.1. Vicetesourería
  - 4.1.2. Censos e catastro
  - 4.1.3. Xestión tributaria
  - 4.1.4. Recadación
  - 4.1.5. Atención ao contribuínte
  - 4.1.6. Inspección tributaria

**10.- MEDIO RURAL. D. JOSÉ MANUEL PICHEL PATIÑO.****ESTRUTURA**

Esta área adecuará a súa organización administrativa e funcional interna á estrutura básica sinalada a continuación, ou aqueloutra asimilable:

**1. CENTROS SOCIOCULTURAI E RELACIÓNS VECIÑAIS (ZONA RURAL)****1.1. Centros socioculturais****1.2. Relacións veciñais****2. SERVIZO DE PROXECTOS E OBRAS NO MEDIO RURAL****2.1 Vías e obras no medio rural.**

Para a efectiva materialización das súas competencias en Proxectos e Obras no Medio Rural e Centros Socioculturais contará coa cobertura funcional das estruturas de postos adscritas á Dirección de Área de Urbanismo (Proxectos e Obras) e de Centros Socioculturais.

**11.- CENTROS SOCIOCULTURAI, BARRIOS E OBRAS. D. JOSÉ JAVIER FERNÁNDEZ MARTÍNEZ.****ESTRUTURA**

Esta área adecuará a súa organización administrativa e funcional interna á estrutura básica sinalada a continuación, ou aqueloutra asimilable:

**1. CENTROS SOCIOCULTURAI E RELACIÓNS VECIÑAIS (ZONA URBANA)****1.1. Centros socioculturais****1.2. Relacións veciñais****2. PROXECTOS E OBRAS NA ZONA URBANA****2.1. Brigada de Vías e Obras Municipal**

Para a efectiva materialización das súas competencias en Proxectos e Obras na zona urbana contará coa cobertura funcional da estrutura de postos da Dirección de Área de Urbanismo (Proxectos e Obras).

**12.- DEPORTES E BENESTAR ANIMAL. DNA. ESTHER PEDROSA CARRETE.****ESTRUTURA**

Atendendo ao marco competencial e funcional propio, esta área adecuará a súa organización administrativa e funcional interna á estrutura básica seguinte:

**1. DEPORTES.****1.1. Queda adscrita a esta concellaría a empresa XADE****2. BENESTAR ANIMAL.****2.1. Refuxio de animais**

Para a efectiva materialización das súas competencias en Benestar Animal, contará coa cobertura funcional da estrutura de postos adscrita á Área de Benestar Medioambiental e Servizos Básicos Comunitarios (Medio Ambiente).

**13.- EDUCACIÓN, MOCIDADE E POLÍTICA LINGÜÍSTICA. D. RUBÉN PROL MARIÑO.****ESTRUTURA**

Esta área adecuará a súa organización administrativa e funcional interna á estrutura básica sinalada a continuación, ou aqueloutra asimilable:

**1. EDUCACIÓN****1.1. Escolas infantís****1.2. Escola Municipal de Música**

## 2. MOCIDADE

### 2.1. Centro Xove da Almáciga

## 3. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### 3.1. Centro APEGO

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA.**

As previsións contidas neste Decreto que requiran, para a súa efectiva e formal materialización, de adecuacións na RPT municipal e/ou orzamentarias, non resultarán aplicables ata que estas se teñan realizado, con arranxo ao procedemento correspondente.

### **DISPOSICIÓN FINAL.**

O presente Decreto surtirá efectos dende o día seguinte á data da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e do previsto na súa disposición transitoria.”

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2020.

O ALCALDE,

ASDO/ X. ANTONIO SÁNCHEZ BUGALLO

2020/8804